

**PREGUNTA DE AER SOBRE A VARIOS ASUNTOS (Rex. Entrada 30.05.2018, 2018-E-RE-711).**

PLENO 07 XUÑO 2018. ACTA 08/2018

O Sr. Javier Bastos dá lectura das seguintes preguntas:

**5. Sobre deficiencias da obra na Esfarrapada.** Tendo constancia das solicitudes dun veciño para que se atenda os seus requirimentos referidos á obra mencionada, en tanto lle resulta prexudicial para a mobilidade reducida que lle afecta a el e á súa parella.

*Tamén informa e require resposta a unhas humidades que afectan á súa propiedade consecuencia das obras mencionadas.*

*Todo en continuos rexistros que acredita:*

2016 E-RC-6741

2016 E-RC-6442

2016 E-RC18685

*E finalmente 2018 E-RC 3929 no que que lle recorda o Sr. Alcalde que incluso lle fixo entrega persoalmente dun dos rexistros mencionados.*

*Tendo en conta todo canto antecede e o documento adxunto que o acredita,*

**PREGUNTAMOS:**

***Teñen pensado responderlle a este veciño e resolverlle a problemática que lle afecta, tanto materialmente como en termos de calidade de vida?***

*Resposta Sr. González Barbeiro: si. Isto vén do ano 2016 e anteriores. Este veciño foi atendido en numerosísimas ocasións polo Alcalde, concelleiros, técnicos do Concello, director de obra, arquitecto municipal. Foi atendido en tempo e forma dende o principio.*